| | | | |
|---|---|---|---|
| **NOME** | Xacemento de Tras do Pego 2 | **GRAO DE PROTECCIÓN** III | **CÓDIGO** GA15082075 |
| **PARROQUIA** | Lucí (Santa María) | **PLANIMETRÍA** (CPTOPV E. 1:5.000) | 120-28 |
| **LUGAR** | A Ramallosa | **COORD. U.T.M.** **X** 536.810 **Y** 4.738.800 | **Alt.** 160 m s.n.m. |
| **A. TIPOLÓXICA** | Indeterminado | | |
| **A. CULTURAL** | Idade do Bronce | | |




**DESCRICIÓN** O xacemento localizouse como consecuencia da apertura dunha pista da concentración parcelaria. O material arqueolóxico foi localizado a ambas marxes da pista, nunha distancia duns 100 m dende a parte alta do outeiro cara ó oeste.

Nesta zona localizáronse un total de 26 fragmentos de cerámica, maioritariamente lisa de clara adscrición prehistórica, e un fragmento campaniforme, ademais de 4 fragmentos de ¿escoura de ferro? .

Tendo en conta a presencia de cerámica campaniforme, e no caso da cerámica lisa o tipo de pastas, a súa factura manual, e a forma dalgunha das partes recoñecibles, cremos que pode tratarse dun xacemento da idade do bronce. No caso dos posibles fragmentos de escoura, non está claro nin o tipo de metal que se trata nin a vinculación co material cerámico anteriormente citado.

| **ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL** | **ÁREA DE CAUTELA** |
|---|---|
| *Non se delimitou* | *(Superficie delimitada por unha liña vermella)* Entorno adaptado ó redor do perímetro máis externo do ben |

